



CHAMAMENTO PARA UNHA REBELIÓN DEMOCRÁTICA

Ao longo da nosa Historia máis recente, os homes e mulleres dos pobos de España vivimos situacións moi difíciles que causaron humillación, dor e sufrimento, como consecuencia da imposición dos privilexios e o enriquecemento desmedido dunha minoría da sociedade.

Esta minoría non dubidou nunca en utilizar todas as medidas ao seu alcance, incluída a ruptura da democracia e a violación das liberdades para garantirse a concentración de poder e riqueza en moi poucas mans.

Desde a perda das liberdades e ao longo dos últimos 73 anos, sempre en condicións moi difíciles, os traballadores e traballadoras, xunto a moitos e moitas representantes do mundo da cultura e a ciencia, mobilizáronse en defensa da liberdade e as conquistas sociais para contribuír ao benestar dos pobos de España.

Non foi fácil. Foi e é, un proceso longo e duro, pero está merecendo a pena.

Os traballadores e traballadoras, os sectores máis combativos dos nosos pobos, e, con eles, o conxunto da sociedade, conseguimos conquistas relativas á mellora das condicións de traballo, os servizos públicos, sanidade, educación, pensións dignas, unha redución progresiva da vida laboral. etc. En definitiva melloras nas nosas condicións de vida ás que nin debemos nin imos renunciar.

Todas esas conquistas, que non foron ningún agasallo, están hoxe ameazadas polas decisións dos recentes Gobernos de España que, en aplicación da ditadura da Comisión Europea, o Fondo Monetario Internacional e o Banco Central Europeo, preténdennolas arrebatara para salvar aos estafadores dos bancos e aos especuladores.

Redúcennos os salarios, fannos traballar máis anos e máis horas semanais, expúlsannos do mercado de traballo cun despedimento fácil e barato, desmontan os servizos públicos de saúde, educación e atención á dependencia, ameazan as pensións, poñen en risco a investiga-



www.esquerdaunida.org

ción e a cultura e deixan sen futuro á mocidade. E intentan conseguilo recortando dereitos, cercenando as liberdades e limitando a democracia, que foron tamén, conquistas do pobo.

Esquerda Unida considera que chegou o momento de organizar **unha rebelión democrática** sostida e concorrente, na que converxan todos os sectores, colectivos e persoas que están sometidos ou padecen os recortes, que non teñen outro obxectivo que facernos retroceder cincuenta anos.

É a hora da resistencia, da mobilización e a alternativa para acabar con esta política que empobrece e fai sufrir a maioría da poboación de España, que nos humilla e que impón unha regresión moral que pretende arrebatarnos a nosa dignidade como persoas.

Chamamos a todos os homes e mulleres dos pobos de España, ás traballadoras e traballadores, ao mundo da cultura, á comunidade científica, á mocidade, aos cargos electos, a todo o pobo, para organizar unha verdadeira rebelión fronte a este auténtico golpe antidemocrático contra a maioría da sociedade. Esta rebelión ten que parar os recortes e cuestionar as políticas que os fundamentan, derrotar a lóxica da estabilidade orzamentaria e acabar coa idea de que o déficit e a débeda están por riba do benestar das persoas e dos dereitos democráticos.

Esta rebelión debe servir para lograr que o pobo se pronuncie e tome nas súas mans os destinos do país para facer pagar a crise aos seus autores, aos especuladores, aos estafadores financeiros consentidos e estimulados polas elites antidemocráticas que rexen os destinos da actual política da Unión Europea, pactada pola socialdemocracia e a dereita dos países europeos.

Por todo iso:

- ✿ Chamamos a todos os e as demócratas a derrotar o Goberno e as súas políticas.
- ✿ Chamamos a todos os cidadáns e cidadás a incorporarse a esta rebelión, a mobilizarse, a participar activamente na loita por outra política coa súa acción e as súas propostas.
- ✿ Recuperemos a dignidade que nos negan.
- ✿ **¡Parar os recortes, a regresión social e a involución democrática é posible!**



www.esquerdaunida.org

www.esquerdaunida.org